

PACIENTES E PROFESIONAIS SANITARIOS DO CENTRO DE SAÚDE VAL MIÑOR REPRESENTARON UNHA OBRA DE TEATRO NO ÁLVARO CUNQUEIRO

Vigo, 27 de xuño de 2017. O grupo de teatro *Menú do teatro*, composto por profesionais sanitarios e pacientes do Centro de Saúde Val Miñor de Nigrán representaron unha obra de teatro sobre a diabetes, no Hospital Álvaro Cunqueiro.

A obra, titulada “Interpretando a diabetes” foi dirixida pola enfermeira María José Muguerza. “ A idea da obra -explica- xurdiu trala realización dun curso no propio centro de saúde, sobre a alimentación en diabetes. Pensamos que sería unha boa idea que os propios pacientes que asistiron ao curso lle mostrasen ao resto da poboación coñecementos que aprenderon durante o mesmo a través do teatro. A maioría dos actores non teñen experiencia previa no mundo da interpretación, pero si que levan anos convivindo coa diabetes e puxeron todo o seu esforzo e cariño na realización da obra. “

